

# **Programación didáctica**

**Equipo de Dinamización da Lingua Galega**

Curso 2022/2023



IESP Pedra da Aguia

# Índice

<b>1.</b>	<b>Contextualización</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Composición do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)</b>	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>Obxectivos xerais da programación</b>	<b>4</b>
3.1.	Orientados á intervención na contorna sociolingüístico	4
3.2.	Orientados á intervención na situación lingüística do profesorado	4
3.3.	Orientados á intervención na situación lingüística do alumnado	5
3.4.	Orientados á intervención na situación lingüística do centro	5
<b>4.</b>	<b>Actividades e distribución temporal</b>	<b>6</b>
4.1.	Actividades de dinamización da lingua galega e distribución temporal	6
4.2.	Colaboración coa conmemoración doutras efemérides	8
4.3.	Asesoría e apoio lingüístico á comunidade escolar	9
<b>5.</b>	<b>Outras actuacións</b>	<b>8</b>
5.1.	Publicacións en colaboración coa biblioteca	8
5.2.	Certames literarios e concursos culturais	10
5.3.	Adquisición de material bibliográfico e audiovisual	11
<b>6.</b>	<b>Avaliación</b>	<b>11</b>

## 1. Contextualización

O Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe (IESP) Pedra da Agua está situado na parroquia da Ponte do Porto, que pertence ao concello de Camariñas. O centro está galeguizado e cumpre a lei. Toda a sinalización e a documentación externa e interna está en galego, ao igual que a atención ao público e as diversas actividades que se realizan. Amais, o equipo directivo amosa unha predisposición positiva cara ás iniciativas de promoción da nosa lingua.

A maior parte do alumnado procede do ámbito rural ou de familias mariñeiras de distintos lugares do municipio, que se está abrindo ao turismo, ás empresas dedicadas a procesar produtos pesqueiros e ao comercio do encaixe artesán.

A nivel lingüístico, presenta as características propias da Costa da Morte: uso predominante do galego, incluso no alumnado foráneo, dentro dun proceso moi marcado de evolución fonética (seseo, gheada, despalatalización da fricativa palatal e aspiración de /s/ implosiva); presenza excesiva de castelanismos, ausencia dun nivel culto e escasa conciencia das peculiaridades dialectais.

Atendendo a estas tres necesidades: suprimir os castelanismos, dotar dunha expresión formal e crear unha conciencia da realidade dialectal, deseñáronse nesta programación determinadas actividades.

A distribución lingüística curricular no centro, conforme o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, é, para o idioma galego, a seguinte:

- Bioloxía: 1º ESO; 2º ESO.
- Cultura CLÁSICA: 3º ESO.
- Educación Física: 3º ESO; 4º ESO.
- Xeografía e historia: 1º ESO; 2º ESO; 3º ESO; 4º ESO
- Inglés: 3º e 4º.
- Música: 2º ESO; 3º ESO; 4º ESO.
- Oratoria: 3º ESO.

- Reforzo Matemáticas: 1º ESO.
- Valores éticos: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO.
- Economía: 4º ESO.
- Informática: 4º ESO.
- Latín: 4º ESO.

## **2. Composición do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG)**

Conforme o disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 15, constitúese no IES Pedra da Agua de Camariñas o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, co fin de crear un programa de actividades que favorezan o emprego da lingua galega no traballo diario do centro. Está formado polas persoas que a seguir se citan:

- Representantes do profesorado:
  - Benedicta Mouzo Romero (Orientación)
  - María Duro Santos (Lingua Galega e Literatura)
  - Carme Fernández García (coordinadora)
- Representantes do alumnado:
  - Elena Lema 1º ESO
  - Nicolás Lema 1º ESO
  - Edurne Sambade 1º ESO
  - Xaquín Hermida 3º ESO
  - Yerai Lobelos 3º ESO
  - Daniel Pasantes 3º ESO
  - Ainhoa Rodríguez 3º ESO
- Representante do persoal non docente:
  - Pilar Rey Silva

## **3. Obxectivos xerais da programación**

### ***3.1. Orientados á intervención na contorna sociolingüístico***

- a) Promover a interacción entre a escola e a súa contorna para facer máis rendibles os recursos e os esforzos destes dous ámbitos a prol da normalización da lingua.
- b) Colaborar no desafío e realización de iniciativas dinamizadoras que poidan presentar outras entidades alleas ao centro (concello, asociacións ...).

c) Potenciar o coñecemento e a valoración da cultura tradicional galega e local.

### **3.2. *Orientados á intervención na situación lingüística do profesorado***

a) Reforzar o uso do galego entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

b) Informar o profesorado sobre as ferramentas lingüísticas que poidan facilitar a utilización do galego nas aulas.

c) Asesorar os membros do claustro sobre as dúbidas que poidan xurdir no emprego da nosa lingua.

d) Conscienciar os docentes sobre a importancia que teñen como axentes transmisores no proceso de dinamización da lingua galega.

### **3.3. *Orientados á intervención na situación lingüística do alumnado***

a) Procurar que a mellora da competencia no idioma galego repercuta de forma efectiva na súa concepción do galego como lingua para os usos cultos e elevados do idioma e no seu coñecemento da variedade estándar.

b) Promover o emprego da lingua galega nas tecnoloxías da información e da comunicación.

c) Fomentar a colaboración do alumnado, facendo da normalización lingüística un obxectivo que actúe tamén como nexos nas relacións persoais.

d) Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

e) Promover actitudes que incidan na dimensión comunicativa e instrumental da lingua galega en relación con contextos vivos, dándolle un protagonismo central á oralidade.

### **3.4. *Orientados á intervención na situación lingüística do centro***

a) Reforzar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida escolar (entre o alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizos ... ).

b) Incidir na información e na explicación argumentada e científica dirixida aos membros da comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e

familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables.

c) Sensibilizar as familias sobre as vantaxes de que os seus fillos/as coñezan a lingua galega, así como da conveniencia de que a adquiran de forma temperá, como mellor garantía para que se instalen nela de xeito adecuado e poidan despois acceder a outros idiomas.

d) Fomentar o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no ensino non universitario.

## **4. Actividades e distribución temporal**

### ***4.1. Actividades de dinamización da lingua galega e distribución temporal***

O equipo de DLG continuará a traballar en estreita colaboración co Departamento de Lingua Galega e coa Biblioteca do Centro, tomando como referencia as actividades realizadas en cursos anteriores, tendo en conta a avaliación destas e as suxestións recollidas polos diferentes departamentos na memoria final. Daráselle continuidade a aquelas que foran valoradas positivamente, xa que se procura como obxectivo primordial a maior participación posible nas actividades programadas.

Recollemos aquí as actividades que temos previsto realizar. Unha parte, son continuidade das de cursos anteriores, dado que resultaron moi satisfactorias e continúan a ser necesarias para acadar os obxectivos marcados. Amais, algunhas delas vencéllanse a celebracións que son anuais (o grao de explicación de cada actividade depende do desenvolvida que estea nesta altura do curso tan inicial a nivel organizativo).

#### **Obxectivos das actividades promovidas polo EDLG:**

- Fomentar a colaboración dos alumnos/as, facendo da normalización lingüística un obxectivo que actúe tamén como nexos nas relacións persoais.
- Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

- Promover actitudes que incidan na dimensión comunicativa e instrumental da lingua galega en relación con contextos vivos, dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Fomentar o coñecemento da cultura propia e da literatura galega oral.
- Promover o uso do galego na creación literaria e artística en calquera soporte (físico, dixital; efémero ou permanente).
- Impulsar a utilización do galego en todos os ámbitos da vida escolar (entre o alumnado, o profesorado ... ).

PRIMEIRO TRIMESTRE: en colaboración coa Biblioteca, o Departamento de Plástica e Club de banda deseñada.

- *Celebración do Samaín. O fin do ano celta.*

- 1) Elaboración do calendario arbóreo/lunar celta e explicación das festas principais da cultura indíxena galaica. Recollida sobre o significado real e simbólico destas datas anuais -e en especial do Samaín- dentro dos ciclos naturais da Terra.
- 2) Concurso de ilustración sobre temática sobrenatural (tradicional-actual)
- 3) Celebración dun magosto tradicional: presentación cunha pequena selección de coplas, lendas tradicionais relativas a esta época do ano, exposición do calendario e das obras do concurso de ilustración.

Data: **11 de novembro** Hora: despois do segundo recreo

Lugar: O carballo e a sala de encontro.

SEGUNDO TRIMESTRE: en colaboración coa Biblioteca, o Departamento de Plástica e a Radio.

- *A poesía cantada onte e hoxe.*

- 1) Día de Rosalía, **24 de febreiro**: elaboración dun programa de radio sobre a poesía galega e a música ao longo do tempo.
  - 1º ESO a poesía nas cantigas tradicionais (Rosalía).
  - 2º ESO a poesía na música actual

- 3º ESO as cantigas medievais
- 4º ESO a poesía e a música clásica.

- 2) Obradoiro de regueifa para 1º e 2º ESO **Semana do 26 de febreiro ao 3 de marzo**
- 3) Obradoiro de rap para 3º e 4º **Semana do 26 de febreiro ao 3 de marzo**
- 4) Concurso de rap. Actuacións en vivo nos recreos durante a **Semana do 6 ao 10 de marzo**

TERCEIRO TRIMESTRE: en colaboración coa Biblioteca, o Departamento de Educación Física e o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

- *A Soneira lendaria.*

- 1) Deseño dun roteiro multidisciplinar sobre o concello de Camariñas (a idea pode exportarse a outras localidades) que recolla lugares relacionados con seres míticos, lendas (como a do Conde de Altamira), monumentos humanos, monumentos naturais, fauna e flora.
- 2) Visita do escritor ponteportense Rafael Lema, poeta, investigador e autor de obras sobre historia, tradición. Alumnado de 3º e 4º ESO. **9 de xuño**
- 3) Realización do roteiro onde o alumnado participante será o noso guía, explicando as peculiaridades de cada lugar. **12 de xuño**

#### **4.2. *Colaboración coa conmemoración doutras efemérides***

- *Conmemoración do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero (25N).* Elaboración, lectura e exposición de textos heteroxéneos (colaboración do obradoiro de banda deseñada) sobre a necesaria e beneficiosa complementariedade entre homes e mulleres en diferentes situacións domésticas, profesionais, sociais onde se vexa o equilibrio e a achega de cadaquén ao beneficio común.



A maiores, a través da participación no plan Proxecta Por 365 días de igualdade, xestionaranse diversas actuacións e todas se levarán a cabo utilizando a lingua galega.

- *Día das Letras Galegas (17 de maio)*. Levaranse a cabo actividades de divulgación sobre a figura e a obra do homenaxeado no 2023, Francisco Fernández del Riego.

**Obxectivos:**

- Promover a participación activa do alumnado e, en xeral, de toda a comunidade educativa
- Valorar positivamente a celebración destas efemérides.
- Recoñecer as principais características sociolingüísticas, históricas e literarias do país a través do homenaxeado.
- Potenciar a dimensión lúdica do idioma mediante a organización de actividades motivadoras.

Non obstante, todas estas actividades poderanse modificar e incluso poderán ser ampliadas no decorrer do curso debido, por unha banda, ás necesidades do centro e do alumnado, e pola outra, polas novas propostas que vaian presentando os diferentes entes públicos e privados, así como os restantes departamentos didácticos do centro.

### **4.3. *Asesoría e apoio lingüístico á comunidade escolar***

- 1) Publicación dun repositorio de recursos lingüísticos na web do centro.
- 2) O EDNL colabora na elaboración, corrección dos textos e impresión de todas as publicacións que se fagan no centro e estean redactadas en galego.

**Obxectivos:**

- Promover o emprego da lingua galega nas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Informar sobre as ferramentas lingüísticas na rede e sobre calquera tema relativo á lingua.

- Fomentar a colaboración dos alumnos/as, facendo da normalización lingüística un obxectivo que actúe tamén como nexa nas relacións persoais.

## **5. Outras actuacións**

### **5.1. *Publicacións en colaboración coa biblioteca***

Os novos membros do equipo manterán a colaboración coas publicacións do centro que xa se veñen realizando, como:

- a) Boletín da biblioteca *Vilán*. Colabórase coa biblioteca na publicación do boletín trimestral que se distribúe entre o alumnado, o profesorado e as familias. Trabállase na dinamización do alumnado, na redacción, selección e corrección dos textos do boletín, así como na súa montaxe informática. Ademais, faise unha achega económica para os gastos de impresión.
- b) *Club de lectura Arao*.
- c) *Clubs de encontro da Biblioteca*: colaboración co alumnado na organización de actividades e nas reunións onde os coordinadores de cada club comparten as súas afeccións co resto da comunidade escolar.
- d) Publicación das creacións literarias do alumnado e profesorado do centro que participan nos diferentes certames que se organizan.
- e) *Outras publicacións*.

### **5.2. *Certames literarios e concursos culturais***

- 1. *Participación no certame literario intercentros convocado polo Concello*. Desde EDLG e o departamento de lingua galega anímase á participación, corrixindo os textos e contribuíndo á selección dos mellores traballos.
- 2. *Concurso cultural "Como somos nós..."*. Colabórase no concurso cultural dirixido a todo o alumnado do centro para espertar o interese pola historia, a paisaxe e a cultura galega e a promover a procura de información nas diferentes fontes existentes na biblioteca do centro e noutros recursos que ofrece o noso

IES. O EDLG axuda na elaboración e difusión das bases e na redacción e corrección dos cuestionarios semanais. Celébrase durante o mes de xuño.

### **5.3. *Adquisición de material bibliográfico e audiovisual***

Colaborarase coa biblioteca e cos departamentos na adquisición de materiais didácticos e fondos bibliográficos e audiovisuais. As achegas económicas faranse de acordo coas novidades que aparezan no mercado e coas necesidades que puideran xurdir como consecuencia dos traballos de consulta que se demanden e das actividades que se programen desde calquera dos departamentos didácticos do centro.

## **6. Avaliación**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega reunirase de forma ordinaria unha vez por mes para estudar a marcha das actividades programadas; e de forma extraordinaria, as veces que se precisen.

Ao longo do curso, cabe a posibilidade de que se poidan modificar actividades propostas e/ou organizarse outras actividades, non incluídas no plan, que poidan xurdir e sexa posíbel a súa realización.

Ao final do curso farase unha avaliación das actividades realizadas e dos seus resultados.

A Ponte do Porto, 30 de setembro de 2022

A Coordinadora

A Directora

Carme Fernández García

María Benedicta Mouzo Romero

